

# A PROTECCIÓN DAS ÁRBORES

As árbores merecen protección e respecto como elementos integrantes da biodiversidade do planeta, pola súa aportación ao mantemento da calidade do aire e do ambiente. Ademais, algúns exemplares deben ser protexidos de forma especial polo seu valor biolóxico (idade, tamaño, estrutura, singularidade, rareza...), polo seu valor cultural (tradición, historia...) ou simplemente pola súa beleza.



Os principais problemas que afectan ás árbores son as cortas indiscriminadas, os incendios, a contaminación e o ataque das pragas.  
Nos últimos 10 anos perdéronse máis árbores que nos 1.000 anteriores.



Cada día de verán quéimanse en Galicia, por término medio, preto de 30 ha de monte. O ecosistema forestal tarda un mínimo de 25 anos en recuperarse.



**PATRIMONIO PERDIDO** Cada ano, como consecuencia da falta de sensibilidade, de accidentes, de incendios e de sucesos naturais (raios, pragas...) desaparecen exemplares singulares do patrimonio arbóreo.



Árbores de cidade  
As árbores da cidade  
esmorecidas, tristesiras:  
non cometeron delito  
e teñenas prisioneiras!...

... As árbores da cidade  
non teñen contentamento:  
¡respiran fume e non aire!  
¡Por terra teñen cemento!  
Manuel María "As rúas do vento ceibe"

Moitas actuacións urbanísticas fãsen sen ter en conta as necesidades das árbores para sobrevivir, isto, aínda que o pareza, non é protexer unha árbore.



Hai catro espazos declarados Monumentos Naturais polo gran interese das súas árbores: o Souto da Retorta (Chavín-Viveiro), a Fraga de Catasós en Lalín, a carballa da Rocha (Rairiz da Veiga) e o Souto de Rozabales en Manzaneda



**O 21 de Marzo  
celebrase,  
desde 1971,  
o DÍA da ÁRBORE.**




Castiñeiro caído por causas naturais no Espazo Protexido de Quintela de Catasós.



Castiñeiro de Bembibre. Viana do Bolo. Cortado hai uns 40 anos. Tiña máis de 14 m de contorno.



Castiñeiro de Folgueira, en Sobrado de Picato (Lugo), imaxe de 1949.



Carballo da Painza, Arzúa.

Todos temos a obriga, a nivel individual e colectivo, de coidar, respectare protexer as árbores, para poder obter delas todos os beneficios que nos ofrecen.  
A xestión sostible do bosque debe estar baseada nunha planificación racional que defina claramente os usos máis axeitados para cada terreo e especie arbórea, salvagardando a diversidade biolóxica.

## A árbore

**Viaxeiro, escoita:**  
*eu son a táboa do teu berce, a madeira do teu barco  
a superficie da túa mesa, a porta da túa casa.  
Eu son o mango da túa ferramenta,  
o bastón da túa vellez.  
Eu son o froito que te regala e te nutre,  
a sombra benfeitora que te acobilla  
contra os ardores do verán,  
o refuxio amable dos paxaros  
que aledaron cos seus cantos as túas horas  
e limpan de insectos os teus campos.  
Eu son a fermosura da paisaxe,  
o encanto da horta,  
o sinal da montaña,  
o lindeiro do camiño...  
Eu son a leña que te quenta  
nos días de inverno,  
o perfume que te regala  
e embalsama o aire a todas horas,  
a saúde do teu corpo  
e a ledicia da túa alma.  
Por último, son a madeira do teu cadaleito.  
Por todo isto, viaxeiro que me contemplas,  
ti que me plantastes coa túa man  
e podes chamarme fillo,  
ou que me contemplaches tantas veces,  
mírame ben, pero...  
non me fagas dano.*

Rabindranath Tagore.



FOTOS: Adela Leiro Lois, Isaac Pontanilla Pérez, Lucía Leiro, Carmela García, Mon Daporta, Xoán Colazo